

Xosé Arribas: un lerezán alcalde de Meis

*Celso Xavier Milleiro Sánchez
Mario Gallego Rey*

Xosé Manuel Arribas Hermida naceu na parroquia de Lerez o 7 de marzo de 1902 no seo dunha humilde familia oriunda desta freguesía. Era fillo do albanel Francisco Arribas Ramallo e Jesusa Hermida Magdalena que formaron unha numerosa familia pois tiveron por fillos, ademais de Xosé, a: Luciano "O Radabouxo", alcumado así porque a súa dona era desta familia; Manuel "O Chulán", que recibe o alcume da familia da súa dona: "as Chulanas"; Jesusa; Sofía, propietaria da panadería "La Lerezana", persoa moi querida na parroquia pola súa bondade e a axuda que prestaba ós seus veciños; Francisco e Carlos.

Da súa infancia e xuventude pouco se sabe. Debeu estudar as primeiras letras no colexio da parroquia. Como tantos nenos galegos da súa época seguramente comezou a traballar moi novo para axudar a precaria economía familiar.

Politicamente criouse no seo dunha familia de esquerdas, o seu irmán Luciano era unha persoa de ideas progresistas que apoiou sempre ós máis novos no movemento asociativo da parroquia, foi un dos fundadores de Juventud Lerezana. Aínda que se descoñece que participación tivo Xosé neste movemento asociativo é moi posíbel que participara nel debido os lazos familiares que o unían co mesmo.

Foi na súa mocidade, presumiblemente, cando se concienciou da mala situación laboral e económica pola que atravesaban os labregos e da necesidade de facer algo para cambiala.

A súa vida transcorreu en Lerez até o seu matrimonio con Melania Martínez Martínez, veciña da freguesía de San Salvador de Meis. Tras casar marchou vivir á aldea de O Marco, á casa familiar da súa dona hoxe en día moi modificada e que está situada detrás do lavadoiro do barrio. Froito do seu matrimonio tiveron catro fillos.



Segundo a información facilitada pola súa familia era unha persoa moi emprendedora e ademais do seu traballo como labrego se dedicou a diversas actividades: na súa casa tiña un negocio relacionado co leite e creou unha empresa vinculada á liña de autobús que unía Pontevedra con Vilagarcía de Arousa.

Paralelamente á súa actividade profesional vai desenvolver a súa actividade política da que de novo temos escasas noticias. Vai formar parte dun grupo de persoas que grazas ao seu traballo van sacar a este concello do letargo político no que vivía ancorado desde hai moito tempo.

En 1934,ponse andar a sociedade agraria "La Fraternidad" (A Fraternidade Obreira de Labregos de Meis) da que apenas existen datos pero debeu ser bastante importante xa que acadou o centenar de afiliados e na que se cre que Arribas foi un dos seus membros fundadores. O que si sabemos e que ideoloxicamente era de esquerdas e que non estaba constituída legalmente xa que non figura no libro rexistro de asociacións do Goberno Civil conservado no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. En 1936 era o Presidente da mesma.

O seu salto á vida política vaise producir en 1936 cando a Fronte Popular gaña as eleccións

do 16 de febreiro no estado español e na que en Meis sae vitoriosa gañando en 5 das 6 mesas electorais. Este vitoria, que semella incríbel nun concello coma Meis dunha forte tradición conservadora, foi acreditada por varios notarios. Tras este éxito, os dirixentes da Fronte Popular de Meis, moi vencellados ao sindicato "La Fraternidad", piden a Xosé que se faga cargo da alcaldía do Concello de Meis. El acepta e foi nomeado Presidente da Xestora Municipal de Meis o 15 de Marzo:

"Sesión extraordinaria del día 15 de marzo de 1936. Posesión de la Comisión Gestora

En la Consistorial de Meis a quince de marzo de mil novecientos treinta y seis. Siendo las dieciseis horas bajo la Presidencia del Sr. Delegado Gubernativo nombrado al efecto D Atanasio Blanco Ferreira se reunieron los señores D Manuel Pesqueira, D Benito Chantada, D Camilo Abal, D Jose Arribas, D Hilario Vidal, D Jose Benito Outeda, D Felix Martinez, D Manuel Caamaño y D Marcial Chantada cuyas credenciales exhiben, por el Sr. Secretario se dio lectura a un oficio nombrando como queda dicho a los referidos señores para constituir la Comisión gestora de este Ayuntamiento y designando como Delegado para darles posesion al referido D. Atanasio Blanco Ferreira.

Por el Sr. Delegado se manifiesta que se va a constituir la Comisión gestora de este Ayuntamiento nombrado por el Excmo. Sr. Gobernador civil.

Todos los señores citados aceptan sus cargos y por aclamacion nombran Alcalde Presidente a D Jose Arribas Hermida el que después de breves palabras pronunciadas por el Sr Delegado exhortando a la nueva Corporacion a que cumpla con el mayor interés y celo el cometido que se le interesa, pasa a ocupar la Presidencia.

Seguidamente se procedió en forma legal al nombramiento de primer Teniente de Alcalde resultando elegido D Marcial Chantada Barros, único que obtuvo votos.

Así mismo se procedió al nombramiento de segundo Teniente Alcalde resultando elegido D Felix Martinez Padin único que obtuvo votos..

Igualmente se procedió al nombramiento de Síndico resultando elegido para este cargo D José Benito Outeda Beloso único que obtuvo votos.

Días y horas de sesiones

Se acuerda designar para celebrar las sesiones ordinarias el primer y tercer lunes de cada mes y hora de las dieciséis horas.

No habiendo otros asuntos de que tratar y siendo las dieciocho horas se levanta la sesión y yo Secretario certifico"

Así se recolle a noticia no xornal "Faro de Vigo" do 20 de marzo:

"Nueva Corporación Municipal

Se ha constituido en este municipio una Comisión gestora a la que dio posesión el día 15 del actual un delegado del señor gobernador.

Fue designado para ocupar la alcaldía don José Arribas Hermida vecino de San Salvador"

Da súa xestión como alcalde apenas hai que salientar debido ó pouco tempo que ocupou o cargo a causa do golpe de estado do 18 de xullo de 1936. Na sesión extraordinaria do 28 de abril se acordou por unanimidade contribuír con cincuenta pesetas o Comité Central do Estatuto de Galicia "para ayudar a los gastos que se originen con motivo del Plebiscito". Hai que destacar que na sesión do 20 de abril se acordou nomear unha comisión xestora para organizar a festa do 1º de maio xa que foi a única vez que se celebrou de forma oficial polo concello de Meis ó longo da súa historia esta festividade. Un asunto importante foi que na sesión ordinaria do 4 de maio se acordou suspender de emprego e soldo ó secretario do concello Gumersindo Méndez Santamaría porque non contaba coa confianza do pobo.

O seu labor como alcalde se viu interrompido polo estourido da Guerra Civil. Viuse no amargo trance de defender a lexitimidade republicana no episodio máis amargo da historia de Galicia

durante o século XX. Coñecemos a súa actuación grazas á documentación conservada no seu Consello de Guerra, causa nº 305/37, conservado no Arquivo Intermedio da Rexión Militar Norte.

Xosé decidiu permanecer no seu posto e seguindo as instrucións do Gobernador Civil de Pontevedra ordenou a requisa de armas. Segundo a declaración do cura de San Vicente de Nogueira (Meis) José Otero Fernández para o Consello de Guerra, o día 20 chegou a O Mosteiro un coche, ao parecer procedente de Vilagarcía de Arousa, con varios individuos que traían a intención de rexistrar a súa casa como fixeran con varias durante o seu camiño, mais Xosé impediuno e evitou que se rexistrase ningunha casa deste lugar.

O día 21 o concello de Meis foi tomado polas forzas sublevadas, un camión militar ateigado de soldados rodeou a Casa Consistorial. O noso biografiado agochouse na reitoral da freguesía de Besomaño pertencente ao concello de Ribadumia.

Antes de falar do seu consello de guerra hai que mencionar a seguinte noticia aparecida no xornal "Faro de Vigo" do 30 de abril de 1937

"Sentencias.

Se han dictado las siguientes: (...)

(Condenando) a Jose Arribas Hermida procesado en Cambados por malversación de caudales a pena de suspensión de cargo público y derecho de sufragio activo y pasivo y multa de 250 pesetas"

Queda claro que este xuízo foi unha farsa orquestrada polos sublevados para desprestixiar o seu labor como alcalde e de paso roubarlle unha importante suma de cartos.

Non hai datos sobre o seu ingreso no cárcere, descoñecemos si se entregou voluntariamente ou si foi apreixado. Segundo os testemuños recollidos, en primeiro lugar estivo preso no cárcere do partido de Cambados. Del foi trasladado á prisión provincial de Pontevedra para ser xulgado xunto a outros veciños da comarca do Salnés nun Consello de Guerra celebrado o 14 de abril de 1937. Hai que salientar o testemuño xa mencionado do cura de San Vicente de Nogueira sobre todo tendo en

conta o apoio que a Igrexa prestou desde un primeiro momento a sublevación.

Este e o informe que a Garda Civil fixo sobre el: *"JOSE ARRIBAS HERMIDA. Observa mala conducta moral pública y privada. Pertenece a la sociedad comunista "La Fraternidad de Obreros Agricultores de Meis" en la que ejercía el cargo de Presidente. Tambien ejerció de Alcalde del Ayuntamiento de Meis durante el dominio del Frente Popular. Profesa ideas comunistas y efectuó intensa propaganda de este ideal, coaccionando a los obreros para que se afiliasen a dicha sociedad"*

Tralo xuízo do Consello de Guerra foi confinado no cárcere da illa de San Simón. Nel estivo até que no ano 1937 é trasladado a un dos penais máis tristemente célebres da Guerra Civil: a prisión - fortaleza de San Cristóval no monte de Ezkaba en Iruña-Pamplona. Ingresou nel o 11 de outubro. As pésimas condicións nas que se atopaban os presos provocaron que o 22 de maio de 1938 se produci-se unha fuga masiva na que participaron 794 presos, entre eles Xosé. Tan só 585 volveron con vida ao forte, os demais foron asasinados por membros da Garda Civil, Requetés, Falanxistas e mesmo por veciños da zona que lles deron caza como si foran animais. Por participar na fuga foi xulgado en Consello de Guerra celebrado en Iruña-Pamplona o 28 de setembro de 1938. O condenaron polo delito de "auxilio a rebelión" á pena de 17 anos, 4 meses e un día de reclusión coas accesorias de inhabilitación absoluta durante o tempo da condena.

Permaneceu encarcerado até que o 13 de setembro de 1940 conseguiu a situación de prisión atenuada no seu domicilio do lugar do Marco xa comentado. O 15 de febreiro de 1944 foi conmutada a pena imposta pola súa participación na fuga por un ano de prisión menor coas accesorias de suspensión de todo cargo e do dereito de sufragio durante toda a condena. Finalizou a pena da sentenza o 8 de agosto de 1966.

Trala súa saída do cárcere afastouse de toda actividade política e adicouse ao seu traballo de labrego até a súa xubilación. Faleceu no seu domicilio do lugar de O Marco o 7 de agosto de 1977.